



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Filloxía

Curso Académico: 2018/2019

Índice

1. Introducción.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.	9
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no	
alumnado.....	17
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.	24
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos. .	29
Directriz 6. Información pública.....	31
3. Plan de Melloras do Centro.	32
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	54
5. Listaxe de evidencias e indicadores.....	55
6. Anexo: Informes de seguimento	59

1. Introducción.

Estrutura do Centro no desenvolvemento do SGC.

Na presente Memoria de Calidade da Facultade de Filoloxía, correspondente ao curso académico 2018-2019, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao Plano de Melloras da propia Facultade para o curso 2019-2020, que inclúe as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. Sen dúbida, a excepcional cantidade e variedade das titulacións que ofrecemos, como en breve se verá, condicionan tanto a vida académica en xeral como a proposta, acompañamento e avaliación dos mecanismos con que tentamos garantir a mellora permanente, así como atinxir metas de excelencia na formación e investigación universitarias no campo das Humanidades. O proceso que se aplica ao SGC segue os procedementos clásicos establecidos, pasando polas fases e órganos mais adiante apresentados, remetendo en primeira instancia ao que se establece nos RD 1393/2007 e RD 861/2010, e, en segunda, á adaptación do SGC marco da Universidade de Santiago de Compostela, deseñado á súa vez segundo o modelo da-ACSUG. Sendo a xestión documental e as directrices en que se encaixa este proceso unha galaxia de difícil navegación, estamos seguros que na específica estrutura do noso Centro se poderá implementar futuramente un desenvolvemento mais eficaz do SGC, cando a multiplicación dos Auto-informes de seguimentos de cada un dos títulos sexa compactada. Como instrumento que debe proporcionar a mellora continuada nas titulacións adscritas á Facultade de Filoloxía, como meio para probar niveis de calidade que faciliten a renovación periódica da súa acreditación, o SGC aplicouse en concreto no período 2018-2019 seguindo o proceso e con as evidencias que nesta Memoria ficarán expostas.

Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade.

A planificación, aplicación e seguimento anual das propostas de mellora, a elaboración dos Auto-informes de seguimentos por parte dos coordinadores e coordinadoras de cada un dos títulos, as reunións da Comisión de Calidade do Centro e dos órganos unipersoais e colexiados, poden resumir-se na seguinte ficha de control, que sintetiza a cronoloxía de aprobación final:

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación de	Comisión de Calidade do Centro	14/09/2020
Informe técnico de	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	23/09/2020
Aprobada por	Xunta de Facultade do Centro	11/12/2020

Esbozo sobre a estrutura do Centro.

- Títulos impartidos no Centro

Tal e como avanzado na introdución a esta Memoria, a Facultade de Filoloxía é un dos centros universitarios que conta cunha oferta de títulos máis ampla e variada no só da USC como do Sistema Universitario Galego. No conxunto de posibilidades que o noso Centro ofrece, cóntanse cinco títulos de grao, un deles con cinco mencións, e seis títulos de máster, dous deles interuniversitarios e outros con mencións específicas e docencia fora do noso Centro. Eis as denominacións concretas de cada título, nas vertentes de graduación e mestrado:

- Grao en Filoloxía Clásica.
- Grao en Lingua e Literatura Españolas.
- Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas.
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas.

- Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (interuniversitario).
- Máster Universitario en Lingüística Aplicada (interuniversitario).
- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.
- Máster Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais (European Master Crossways in Cultural Narratives). Integrado, a efectos de docencia, no Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Máster Mundus en Lexicografía (European Master in Lexicography. Erasmus Mundus).

- Documentación de referencia e órganos de goberno do centro.

O Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Filoloxía sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do Centro. A documentación do SGC da nosa Facultade e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da Facultade, na sección de [Calidade](#).

Polo que se refere aos órganos que operan na elaboración, acompañamento e avaliación continuada do noso Sistema de Garantía de Calidade, este o elenco que intervéñ:

Órganos Unipersoais:

- Decano
- Responsable de Calidade
- Coordinador de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Órganos Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisión de Títulos de Grao
- Comisión de Títulos de Mestrado
- Comité Consultivo do Centro
- Xunta de Facultade [responsable da aprobación da *Memoria de Calidade* así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións].

Algunhas modificacións de regulamentos, procedementos e outros cambios de detalle, que poden incidir na elaboración da Memoria de Calidade, serán referidas no apartado correspondente do capítulo que segue. Nesta introdución, e con respecto a eventuais alteracións no sistema que desemboca en tal documento, queremos deixar unicamente unha reflexión xenérica cuxo desenvolvemento só cabe nun futuro inmediato. A situación complexa vivida nos últimos meses por mor da pandemia da Covid 19, obrigounos a repensar en profundidade a ensinanza universitaria, as metodoloxías e as ferramentas, os sistemas de avaliación, a preparación do profesorado e do alumnado en tecnoloxías. Desta reflexión sobre a docencia presencial e semipresencial naceron as accións de mellora principais propostas para o curso 2020-2021: a creación dun grupo de traballo **FiloTics** (para fomentar a formación do profesorado, alumnado e PAS nas novas ferramentas tecnolóxicas) (AM2 Plan de Melloras 2019-2020) e un **grupo de traballo** para fixar criterios na elaboración dos horarios (AM3 Plan de Melloras 2019-2020).

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.

A Facultade de Filoloxía, tal e como vén plasmando nas Memorias de Calidade que elabora anualmente, está comprometida coa **vixencia da cultura da calidade**, pois é consciente da importancia que ten para a mellora continua dos títulos que oferta.

Como se sinala en memorias anteriores, a Facultade ten unha estrutura organizativa complexa, pero precisa, debida á amplitude da súa oferta formativa. Para o desenvolvemento do SGC, o Centro conta coa Comisión de Calidade do Centro, coas comisións de cada un dos títulos de grao e de mestrado, coa Comisión de Títulos de Grao e con outra de Títulos de Máster, amais do Equipo Decanal, da Responsable de Calidade do Centro e dos/as Coordinadores/as dos distintos títulos. Desde o curso 2018-2019 Como complemento a esta estrutura de comisións internas, a facultade **ten continuado a evolución que visa cumprir os obxectivos** de calidade do Centro e a mellora do proceso de elaboración e aplicación dos seus Plans Anuais, pasando a contar cun **Comité Consultivo da Facultade**, que serve de instrumento de asesoramento externo e que contribúe á mellora da súa proxección social na contorna (AM-7 do Plan de Melloras de 2018-2019). Tamén conta cun coordinador de Calidade do Centro (AM 5 do Plan de Melloras 2018-2019). Está accesible a través da [web](#) a composición de todas estas comisións, os nomes dos membros do equipo decanal e das coordinadoras e coordinadores de todos os graos e mestrados. Tamén está dispoñible toda a documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC da Facultade de Filoloxía en especial, as memorias de verificación e os informes de renovación da acreditación dos títulos de grao e mestrado.

Cómpre sinalar que nesta Memoria non se proporcionan nin se analizan os datos relativos aos dous *Máster Mundus* impartidos na Facultade, pois estas titulacións seguen un proceso de seguimento no marco das institucións europeas.

- Procesos, procedementos e documentación do SGC.

Durante o curso 2018-2019 a Comisión de Calidade do Centro (CCC) reuniuse en seis ocasións:

Reunión ordinaria: 17/12/2018 (Revisión das accións de mellora, análise das reclamacións. Queixas e suxestións, curso 2017-2018)

Reunión ordinaria: 25/02/2019 (Tarefas de revisión dos informes de seguimento e de

renovación da acreditación do títulos)

Reunión ordinaria: 14/03/2019 (Aprobación dos autoinformes de seguimento dos Graos e Mestrados)

Reunión ordinaria : 29/04/2019 (Aprobación dos autoinformes de seguimento do GLC, Creación do Comité consultivo da Facultade de Filoloxía, Elaboración do Plan de Melloras da Facultade para o curso 2018-2019)

Reunión extraordinaria: 17/07/2019 (Aprobación das alegacións do informe provisorio de avaliación para a renovación da acreditación do Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos)

Reunión ordinaria: 26/06/2019 (Aprobación do Comité consultivo da Facultade de Filoloxía, Aprobación da Memoria de Calidade do Centro)

Durante o curso 2018-2019, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas desenvolvéronse segundo o establecido.

As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o acompañamento da evolución e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). Naqueles casos en que contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron as sesións previstas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando : <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

Cabe destacar a coordinación (Campus de Santiago e Campus de Lugo) no caso do GLE. Como é sabido, o GLE deixará de impartirse en Lugo como parte da reorganización do mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego. Neste curso, a totalidade das materias impartidas dobremente, en Lugo e Santiago, coinciden en contidos, obxectivos e sistemas de avaliación (traballo conxunto das secretarías dos centros, presenza dunha profesora representante de Lugo na Comisión do GLE).

No caso dos mestrados interuniversitarios, a coordinación exerceuse desde a UD para o MILA e desde a USC para o Imaes.

Tal e como estipula o SGC, as comisións de cada un dos títulos, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título, e así se recolle nas correspondentes actas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web (<http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>) e foise actualizando puntualmente.

Como xa se vén facendo nos últimos anos, desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese e realizáronse dúas enquisas de elaboración propia:

- (1) Análise do **perfil de ingreso** e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade. (vid Informe)
- (2) Análise do proceso de **elaboración e defensa do TFG**: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral. (vid Informe)

O centro tenta contribuír para un aumento na participación na enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreros, correos à lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvóléronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

Durante o curso 2018/2019, realizáronse traballos de revisión e mellora dos documentos seguintes: *Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía* e *Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía* (modificación do Sistema de Garantía de Calidade). Foron aprobados pola Xunta de Facultade de Filoloxía no 27/02/2020. Están pendentes da aprobación pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno.

Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 realizou os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, que foi aprobado no Consello de Goberno no 7-02-2020.

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2018-2019 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

Durante o curso 2018-2019 aprobou-se a Modificación do Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 18/07/2019 e publicado no taboleiro electrónico da USC o 12/09/2019).

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos títulos de grao ou mestrado.

É necesario avaliar o grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA) levado a cabo durante o curso 2018-19. Este plan estruturouse en 7 accións de mellora. O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos foi realizado pola CCC. Todas foron executadas e avaliadas positivamente (Vid. [Plan de Mellora do Centro](#)).

Como mencionado na introdución a situación complexa vivida nos últimos meses por mor da pandemia da Covid 19, obrigounos a repensar en profundidade a ensinanza universitaria. Así naceron as accións de mellora principais propostas para o curso 2020-2021: a creación dun grupo de traballo FiloTics (para fomentar a formación do profesorado, alumnado e PAS nas novas ferramentas tecnolóxicas) (AM2 Plan de Melloras 2019-2020) e un grupo de traballo para fixar criterios na elaboración dos horarios (AM3 Plan de Melloras 2019-2020).

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

A Facultade de Filoloxía ten implantados procedementos que regulan o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Periodicamente as CT analizan o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora. Faise o seguimento do cumprimento da memoria do título e analízanse a conveniencia de modificala, o cumprimento dos programas das materias, os perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación (a distintos niveis: materia, título, campus universidade) os resultados de aprendizaxe, o grao de satisfacción dos grupos de interese. O SGC establece os procesos do desenvolvemento dos programas formativos. Á CCC revisa e aproba as accións de mellora.

No curso 2018-2019 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. Todos os informes foron aprobados na Xunta de Facultade de 15/03/2019, coa excepción do Grao en Filoloxía Clásica (non se presentou ningún documento na reunión da Comisión do Título o 13/03/2019 polo que o IS non puido ser aprobado pola Comisión e tampouco pola Comisión de Calidade de Centro). O informe de Seguimento do Grao en Filoloxía Clásica foi aprobado na reunión ordinaria da Xunta de Facultade o 30/04/2019.

Na Xunta de Facultade do 15/03/2019 tamén se aprobou o Informe de Renovación da Acreditación do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos .

Na Xunta de Facultade do 15/02/2019 aprobáronse a Declaración de intencións para a proposta dun novo título de Máster en ensino de español como lingua estranxeira e a Oferta de novas materias específicas para estudantes de intercambio.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso 2018-2019, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 14/09/2020.

Tanto as Memorias de Calidade anteriores do Centro , ao igual que os Informes de Seguimento dos distintos títulos, son accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

A supervisión do cumprimento dos programas das materias, realízase principalmente a través das Comisións de Título. Non se detectaron incidencias no cumprimento dos programas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan esta afirmación.

Os procedementos de coordinación realízanse principalmente através dos/as coordinadores/as de título, e das CT (celebráronse as reunións ordinarias, tal e como

se evidencia nas actas da CT). Os mecanismos de coordinación das actividades docentes son en xeral ben valorados. No relativo á adecuación dos perfís de ingreso e de egreso existen suficientes indicadores que sinalan a súa adecuación. Comentamos a seguir algúns aspectos concretos relevantes no sentido apuntado:

- Acceso e admisión de estudantes.

Os procesos de admisión e as accións de captación de alumnado dos graos en Filoloxía réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. O número de prazas ofertadas na Facultade de Filoloxía para o curso 2017-2018 foi de 414 e o número total de alumnos de novo ingreso foi de **396**, o que supón un incremento significativo con respecto ao curso anterior (**372**). A enquisa de novo ingreso de elaboración propia proporciona datos interesantes (intereses e motivacións) correspondentes ao perfil do alumnado (Vid informe).

Títulos	Prazas cubertas	Prazas ofertadas
Grao en Filoloxía Clásica	28	50
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	58	50
Grao en Lingua e Literatura Galegas	47	50
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	107	100
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	84	75
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	24	26
Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	20	22
Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	18	26
Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada	10	15
TOTAL	396	414

Táboa 1 - Número de prazas ofertadas na Facultade de Filoloxía para o curso 2018-2019.

Tanto o *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (iMAES) como o *Máster Universitario en Lingüística Aplicada* (MILA) son títulos interuniversitarios. Pola súa parte, o *Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* acolle nas súas clases os estudantes do *Máster Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais*. Cómpre destacar o aumento de matriculados nos Mestrados seguintes: MELC (17 o ano anterior), iMAES (15 o ano anterior) e no Máster en Estudos medievais (10 o ano anterior). No MILA o número de matriculados baixa moi levemente (11 o ano anterior).

Polo que se refire aos títulos de grao impartidos na Facultade de Filoloxía, todos cubriron as prazas ofertadas, agás o Grao en Filoloxía Clásica (28) e o Grao en Lingua e

Literatura Galegas (47). No caso do grao en Filoloxía Clásica baixou levemente (33 o ano anterior). En canto ao Grao en Lingua e Literatura Galegas, diminuíu tamén levemente a demanda (no 2017/2018 a demanda superou incluso as prazas ofertadas). No caso dos Graos en Lingua e Literatura Inglesas, en Lingua e Literatura Españolas e Linguas e Literaturas Modernas a demanda superou as prazas ofertadas. Cómpre lembrar que, con data de 2 de novembro de 2017, a Secretaría Xeral de Universidades publicou unha [resolución](#) pola que se declarou a singularidade de graos no Sistema universitario de Galicia, que supón “para as titulacións recoñecidas como tales, a exención do cumprimento do esixido no artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia” (apartado 2), isto é, supón unha exención da obriga de contar cun número mínimo de 50 matriculados de novo ingreso no caso das titulacións adscritas a campus centrais, como Santiago de Compostela. Entre os títulos declarados singulares nesta resolución encóntranse o Grao en Lingua e Literatura Galegas e o Grao en Filoloxía Clásica.

- Satisfacción dos grupos de interese.

Como nos anos anteriores a Facultade procura fomentar a participación nas enquisas (anuncios coa información sobre o proceso de avaliación na pantalla informativa da entrada, letreiros e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, anuncios no Campus Virtual por parte dos coordinadores/as de título). Proba do éxito destas boas prácticas é o alto índice de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción: no caso dos graos, foi do 44,42% e no caso dos estudantes de mestrado, do 48,05%.

Tal e como se pode comprobar na Táboa 2, é moi satisfactoria a puntuación que reciben os títulos da Facultade nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46): 4,06 os graos, 4,47 os mestrados (4,04 os graos e 4,30 os mestrados no ano anterior) por riba da media da USC. Os estudantes entrantes cos programas de mobilidade mostran unha satisfacción sensiblemente máis baixa (3,62) respecto a o ano anterior (4,32).

Título	2017-2018	2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	4,25	4,29
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	4,12	4,1
Grao en Lingua e Literatura Galegas	4,11	4,1
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	3,88	3,99
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	3,84	4,1

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	4,54	4,42
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	4,23	4,06
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	4,34	4,58
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	4,08	5,51
Media dos graos FF	4,04	4,06
Media dos graos USC	Non dispoñible	3,96
Media dos mestrados FF	4,30	4,47
Media dos mestrados USC	No dispoñible	4,27

Táboa 2 - Satisfacción do alumnado da Facultade de Filoloxía coa docencia recibida no curso 2017-2018.

Respecto á enquisa de satisfacción xeral dos egresados, cómpre destacar un nivel satisfactorio nos distintos títulos de grao e mestrado con poucos cambios respecto ao ano anterior. (IN42G/IN42M) agás una notable mellora no Grao en Filoloxía Clásica (3,91) e no Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (4,76). Se realizaron actividades para a orientación laboral e profesional do estudiantado da Facultade (obradoiro, mesa redonda) para responder a un índice de satisfacción baixo coa orientación laboral e profesional dos egresados (AM 3 Plan de Melloras 2018-2019). Se realizaron varias melloras das infraestruturas e recursos docentes dispoñibles (o estudiantado egresado manifesta unha baixa satisfacción coas infraestruturas e recursos materiais nos anos anteriores (AM 5 Plan de Melloras 2018-2019). Cóntase con seguir neste sentido (AM 4 do Plan de Melloras 2019- 2020).

Título	2017-2018	2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	2,87	3,91
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	3,52	3,59
Grao en Lingua e Literatura Galegas	3,59	3,24
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	3,09	3,12
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	3,54	3,2
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	3,49	4,76
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	3,83	3,91
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	Non dispoñíbel	4,74
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	3,66	3,57

Táboa 3 - Satisfacción xeral dos egresados no curso 2018-2019 e no curso 2018-2019.

- Resultados académicos.

As medias das taxas de rendemento (IN34CM), éxito (IN35CM) e avaliación (IN36M) dos mestrados en xeral moi satisfactorias.

Título	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	86,12	98,26	87,64
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	93,25	100	93,25
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	93,4	99,39	93,71
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	87,73	98,47	89,09
Media dos mestrados da Facultade de Filoloxía	89,94	99,05	90,80

Táboa 4 - Taxas de rendemento, éxito e avaliación dos mestrados impartidos na Facultade de Filoloxía para o curso 2018-2019.

Como se aprecia na Táboa 4, a taxa de avaliación do *Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* é lixeiramente máis baixas cás do resto dos mestrados, aínda que aumentou significativamente con respecto a o ano anterior (79,27). O *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* mellorou as taxas de rendemento, de éxito e de avaliación respecto ao ano anterior (no 80,62 / 97,76 / 82,46 respectivamente) confirmando a tendencia detectada o ano anterior. As taxas do *Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos* e do *Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada* son semellantes ás do ano anterior.

Título	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	0	9,52	13,04	11,76
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0	0	9,09	15,38
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	8	28,57	10	0
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	11,11	7,14	0	0

Media	4,78	11,31	8,93	7,34
-------	------	-------	------	------

Táboa 5 - Taxa de abandono dos mestrados impartidos na Facultade de Filoloxía (cuatro últimos cursos).

A taxa de abandono dos mestrados baixou ou mantívose (media: 7,34%), salvo no *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións*. Cómpre subliñar que o *Máster Universitario en Lingüística Aplicada* e o *Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos* tiveron un abandono do 0%. No *Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos* confírmase a tendencia positiva despois de realizar unha análise das causas do índice de abandono na Comisión do propio título e nas reunións de coordinación cos estudantes. No *Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* o abandono descende lixeiramente e no *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* aumentou a taxa de abandono, de aí que as correspondentes comisións consideren que se debe estar atento á evolución desta taxa. En xeral, os indicadores poñen de manifesto una lixeira baixa da taxa de abandono e uns resultados satisfactorios.

No caso dos títulos de grao, as taxas de rendemento, éxito e avaliación son semellantes ás do ano pasado (lixeiro aumento da media dos graos da facultade de Filoloxía, 72,16/85,14/84,75 respectivamente) (Táboa 6).

Título	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Grao en Filoloxía Clásica	71,31	86,66	81,36
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	76,46	88,08	86,81
Grao en Lingua e Literatura Galegas	72,34	85,79	84,33
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	79,17	87,85	90,12
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	64,23	81,98	78,34
Media dos graos da Facultade de Filoloxía	73,67	86,32	85,39

Táboa 6 - Taxas de rendemento, éxito e avaliación dos graos impartidos na Facultade de Filoloxía para o curso 2018-2019.

En correlación con estes datos, a taxa de abandono en primeiro curso foi de 26,61,92% e a taxa de abandono RD 1393 foi de 35,8% (Táboa 7). Non son bos datos, especialmente a taxa de abandono en primeiro que aumentou notablemente. A taxa de graduación, que chegou ao 46,89%, mellorou (no Grao en Linguas e Literaturas Modernas pasa de 19,12 a 42,83) pero sigue sendo baixa. Como xa se indicou na Memoria do Centro 2017-2018, a taxa de abandono media da Facultade de Filoloxía é importante, pero está por debaixo da taxa de abandono rexistrada polo Ministerio de Educación y Formación Profesional para a rama de Artes e Humanidades ([Datos y cifras](#))

del Sistema Universitario Español. Publicación 2019-2020), dato que pode mostrar tratarse dun problema estrutural a nivel estatal dos estudos desta rama.

Se elaboraron estratexias para abordar o problema, entre as que destacan accións para a visibilización e promoción da Facultade, captación dun maior número de estudantes que debería contribuír á subida da nota media dos matriculados e á diminución da taxa de abandono. Se elaboraron vídeos para promocionar os graos da Facultade (véxase a páxina Web da Facultade) e para informar sobre a obtención dun segundo título de grao e varios profesores e alumnos/as participaron nas actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. (AM 4 Plan de Melloras 2018-2019)

[véxase a *Memoria A Ponte entre o ensino medio e a USC 2018-2019*]:

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria-2018-2019.pdf>

Tendo en conta, tamén, que as taxas de graduación nos títulos de grao da Facultade son mellorables, especialmente nalgunhas titulacións, e como tanto o estudantado de grao coma o de mestrado manifesta con frecuencia a necesidade de dispoñer de formación complementaria para acometer o TFG/TFM, organizáronse varias actividades formativas para a elaboración e defensa de TFG/TFM (AM-1 Plan de Melloras 2018-2019).

Título	Taxa abandono 1º curso 2017-2018	Taxa abandono 1º curso 2018-2019	Taxa abandono RD 1393 2017-2018	Taxa abandono RD 1393 2018-2019	Taxa graduación 2017-2018	Taxa graduación 2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	35	29,63	45	46,15	35	46,15
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	28,21	16,67	36,73	39,13	44,9	50
Grao en Lingua e Literatura Galegas	36	54,17	23,81	50	38,1	38,46
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	9,57	15,38	29,13	27,96	42,72	50,54
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	19,05	37,5	41,18	36,51	19,12	42,83
Media dos graos da Facultade de Filoloxía	19.92	26,61	34,48	35,8	36,02	46,89

Táboa 7 - Taxas de abandono e graduación dos graos da Facultade de Filoloxía para os cursos 2017-2018 e 2018-2019.

Queixas e reclamacións.

Todas as queixas e reclamacións tramitáronse conforme o establecido na [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións](#), aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

No curso 2018-2019 recibíronse no Decanato unha queixa e unha reclamación: a queixa foi contra os criterios de avaliación dunha materia, esta queixa foi tramitada e informado o Profesor responsable da materia. A reclamación foi contra as cualificación obtidas, esta reclamación non se admitiu a trámite atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións](#), aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

A Oficina de Análise e Reclamacións, na memoria do curso 2018-2019, informa de que se presentaron cinco recursos: os cinco recursos son de estudantes de grao. Os asuntos que motivaron estes recursos teñen que ver principalmente cos procesos de matrícula, validacións, adaptacións e recoñecementos. Admitíronse a trámite os cinco recursos: dous estimáronse e tres non. En canto ás queixas e suxestións presentáronse setenta e unha: sesenta e oito de títulos de Grao, unha do Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada e dúas de PDI. Destacamos aquí as 68 suxestións presentados polos estudantes de grao e que están motivadas polo proceso de simultaneidade de estudos. alumnado e profesorado da Facultade de Filoloxía solicitando que se modificase a convocatoria de matrícula para permitir iniciar un mestrado ao mesmo tempo que un novo maior cando xa se ten superado un menor doutra das titulacións de Filoloxía. Neste caso, tendo en conta que a matrícula dun maior é un suposto de inicio de estudos dunha nova titulación e que a suma dos créditos ECTS do maior e do máster excederían da dedicación necesaria dun alumno durante un curso académico completo, non se considerou pertinente a modificación da convocatoria de matrícula para o curso 2019/2020, polo que as 68 suxestións foron desestimadas.

As tres queixas de alumnos de grao que teñen que ver cos procesos de matrícula, devolución e acreditación do nivel B1, foron estimadas. A queixa do Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada relacionada coas prácticas externas foi desestimada.

No que se refire á difusión e promoción do sistema de traslado de queixas e reclamacións, levouse a cabo nas sesións informativas dirixidas ao estudantado, así como mediante a inclusión dun formulario na páxina web da Facultade para o envío de queixas, suxestións e felicitacións, tal como se pode comprobar en <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/suxestions.html>.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Os procedementos que regulan o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC. A USC establece o marco normativo da vida académica dos/as estudantes, desde a admisión até a obtención do título. Este marco normativo está conformado polas ordenanzas, regulamentos e instrucións aprobados polo Consello de Goberno da Universidade. As principais normativas poden consultarse nos enderezos web que seguen:

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html>

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

O cadro referencial máis relevante, que garante o ensino, a aprendizaxe e a avaliación no noso Centro, é este:

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017).
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008).
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011, modificada en CG de 05/04/2017)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016).
- Normativa sobre asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019)
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018)
- Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)

A CCC analiza o desenvolvemento destes procesos recollidos nos informes elaborados por cada unha das CT. En xeral, o grao de satisfacción en relación coa mobilidade (gran número de alumnado extranxeiro), a metodoloxía de ensino, os resultados de aprendizaxe, o proceso dos TFG/TFM e as prácticas externas é satisfactorio. Os informes de seguimento elaborados por cada unha das CT analizan en detalle os datos. (vid. autoinformes correspondentes).

Cabe destacar o importante número de estudantes que se reciben na Facultade dentro dos programas de mobilidade, procedentes de todas as partes do mundo, especialmente de universidades chinesas (programas de captación) e europeas (programa Erasmus+). Nalgúns casos, estes estudantes supoñen unha porcentaxe importante en relación co total de estudantes matriculados nalgún dos nosos títulos : destaca especialmente o caso do Grao en Lingua e Literatura Españolas, no que a porcentaxe de estudantado de mobilidade supuxo en 2018-2019 o 47,20% (Táboa 9). Este número tan elevado dificulta ás veces a actividade docente e discente como consecuencia do baixo nivel de coñecemento de español co que chegan ao Centro. Por este motivo, se realizou unha acción de mellora para prestar un apoio específico a este estudantado, de xeito que se facilite a súa integración, proporcionándolles ferramentas lingüísticas e recursos culturais suficientes para que poidan afrontar as tarefas e actividades normais das clases (vid. AM-2 do Plan de Melloras do curso 2018-2019). As actividades de acollida e orientación a estudantes alleos foron: Os actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China (12/09/2018 e 30/01/2019) e a Actividade formativa dirixida ao estudantado procedente de universidades chinesas (curso sobre competencias básicas de lingua, historia e cultura - 30 horas-, dúas edicións: outubro-décembro 2018/febreiro-abril 2019. Tamén se elaborou un catálogo de materias específicas para estudantes de intercambio (Aprobado pola Xunta de facultade (14/02/2019) pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno (01/04/2019) e polo Consello de Goberno da USC (08/04/2019).

Título	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	6,35	5,48	10,47	1,23
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	56,87	59,81	66,50	47,2
Grao en Lingua e Literatura Galegas	2,44	1,69	1,43	1,4
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	6,21	3,78	9,17	5,74
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	7,61	11,33	11,04	9,42

Táboa 8 - Porcentaxe de estudantes de programas de mobilidade recibidos sobre o total de matriculados nos catro últimos cursos.

TFGs: A enquisa de elaboración propia da Facultade de Filoloxía relativa aos TFGs revela un grao de satisfacción adecuado cos resultados e procedemento en xeral (vid Informe). Os procesos de asignación, supervisión, avaliación dos traballos de fin de

grao/máster están organizados polas CT.

Prácticas: O grao de satisfacción coas prácticas é satisfactorio como o analizan os informes de seguimento. Elaboráronse por primeira vez as guías docentes das prácticas dos distintos graos (vid informes).

Convenios para as prácticas en empresas (Grao): Escola Superior de Hostalaría de Galicia, A Casa das Linguas, Instituto da Lingua Galega, Asociación de Antigos Alumnos da USC, Edicións Obradoiro, Centro “Ramón Piñeiro”, Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia), Concello de Vedra, Centro de Linguas Modernas, Servizo de Normalización Lingüística da USC, Biblioteca Municipal de Lugo.

Convenios Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas

Aplicacións: Centro de Linguas, Instituto Universitario de Estudos Irlandeses AMERGIN, Oficina de Relacións Internacionais (ORI), Centro de Linguas Modernas, Oficina de Relacións Exteriores, USC, Oficina Web, USC, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, USC, Servizo de Publicacións, USC, GI-1383 Variation, Linguistic Change and Grammaticalization, USC, GI-1762 Spoken English Research Team at the USC, GI-1924 Discourse and Identity Research Group, USC, Concello de Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Centro PEN Clube Galicia, Fundación Aragonay, Grupo El Correo Gallego Teófilo Comunicación, Biblioteca Central, UVigo, Fundación Universidade de Vigo, Vicerreitorado de Relacións Internacionais, UVigo, Vicerreitorado do Campus de Pontevedra Pontevedra, Colegio Los Sauces Mos, Colexio Internacional SEK-Atlántico Poio, ISTRAD – Centro Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución Sevilla, online.

Convenios MELC: FAZ Cultura e Desenvolvemento, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Servizo de Publicación e Intercambio Científico da USC (SPIC), Fundación Eugenio Granell, Grupo Galabra, LITER21 (GI-1819), Tesouros de Galicia, Axencia Galega das Industrias Culturais, AGADIC (Centro Dramático Galego), Instituto de Ciencias de Educación (ICE), Real Academia Galega, Editorial Galaxia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) Grupo de investigación Cultura, Edición y Literatura en el ámbito hispánico, Madrid (online), Proxecto MIGRA (Database of Migrant Writers in Iberian Languages). Grupo de Investigación de Teoría da literatura e Literatura comparada da USC (GI-1371 - TLLC).

Convenios MILA: ILG, CITIUS, Cesga, EOI (Pontevedra), Consello de Cultura Galega, Fundación Oxfam Intermón, Federación de Xordos, Real Academia Galega, AFundación, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Servizo de Publicacións da USC, Centro de Linguas Modernas – USC, Centro de Linguas – UDC, Ecodesarrollo Gaia, Zocamiñoca. Cooperativa de consumo responsable, Editorial Galaxia, Gabinete de Psicología Arca, Servizo de Normalización Concello de Redondela, Editorial Rinoceronte, Imaxin.

Convenios EMLEX: Citius, Instituto da Lingua Galega, Imaxin, TERMIGAL, Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, Grupo de Investigación Humboldt.

Convenios Mestrado en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos: GI-1350 Románicas, GI-1353 Grupo de análise de aspectos lingüísticos-literarios na lusofonía, GI-1507 Medievalismo, GI- 1548 Historia medieval, GI-1908 Estudos medievais e clásicos, GI-1920 Textos e contextos alemáns, GI-1930 Tradición retórica latina, SPIC, Fundación Catedral Santiago de Compostela, CSIC-Padre Sarmiento, Biblioteca franciscana provincial, Arquivo histórico diocesano de Santiago de Compostela, Arquivo-biblioteca catedral Santiago de Compostela.

A continuación referimos unha síntese de **actividades desenvolvidas na Facultade de Filoloxía, realizadas con propósito de orientación e atención ao estudiantado** durante o curso 2018-2019.

- Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade.

Representantes do PDI da Facultade de Filoloxía, así como do alumnado, participaron en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. Enumeramos a seguir unha serie de **Charlas temáticas** levadas aos centros de ensino medio de Galicia con este propósito:

[Datos extraídos da memoria *A Ponte entre o ensino medio e a USC 2018-2019*]:

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria-2018-2019.pdf>

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

Profesora Contratada Doutora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega”

- IES TERRA DO XALLAS (Santa Comba - A Coruña)
- IES CHANO PIÑEIRO (Forcarei – Pontevedra)
- IES PRIMEIRO DE MARZO (Baiona – Pontevedra)
- IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES (Lugo)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos”

- IES RIO CABE (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES LAXIERO (Lalín – Pontevedra)
- COLEGIO PABLO VI (A Rúa – Ourense)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Linguas en contacto”

- IES FRANCISCO DAVIÑA REY (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)
- IES PONTEPEDRIÑA (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES AUGA DE LAXE (Gondomar – Pontevedra)

JOSÉ VIRGILIO GARCÍA TRABAZO

Profesor Titular de Universidade da Área de Lingüística Indoeuropea

Charla “Lingüística Indoeuropea: reconstruíndo a prehistoria das nosas linguas e culturas”

- IES UNIVERSIDADE LABORAL (Culleredo-A Coruña)
- IES PINO MANSO (O Porriño – Pontevedra)
- CPI TINO PLURILINGÜE GRANDIO (Guntín – Lugo)
- IES MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ (Vilagarcía de Arousa- Pontevedra)
- IES FERNANDO ESQUÍO (Neda - A Coruña)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa

Charla “A journey through the history of the vocabulary of English. Unha viaxe no tempo:

O vocabulario do inglés a través da historia”

- IES MONTE NEME (Carballo - A Coruña)
- IES SANXILLAO (Lugo)
- IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES (Lugo)
- IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)

NURIA RODRÍGUEZ PEDREIRA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Francesa

Charla “As linguas modernas na USC: una opción con futuro”

- IES 12 DE OUTUBRO (Ourense)
- IES FRANCISCO ASOREY (Cambados- Pontevedra)

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Como cambia o significado das palabras?”

- IES «RAFAEL PUGA RAMÓN» (A Coruña)
- IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño – Ourense)
- IES DO CAMIÑO (Palas de Rei – Lugo)
- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia – A Coruña)

Participaron nas charlas os estudantes seguintes; Mara Guillán Rosales (GLLM) no IES Armando Cotarelo Valledor, Enrique Salvado Vigo (Grao Filoloxía Clásica) no IES Antonio Fraguas Fraguas, Miguel Rancaño Míguez (GLLG) no IES Mendiño.

Foran organizados, con a mesma finalidade, unha serie de **Encontros na USC** durante o curso 2018-2019. Os días 12, 13 e 14 febreiro de 2019 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 3.367 estudantes de 68 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar os centros. A Facultade de Filoloxía participou activamente na organización do Percorrido1 (Filoloxía e Ciencias da Comunicación, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias da Educación e Traballo Social, Medicina e Enfermaría, Odontoloxía e Enfermaría, Xeografía e Historia e Filosofía), coa colaboración da Profa Teresa Sanmarco Bande, coordinadora do programa “Ponte” . 274 estudantes visitaron a Facultade de Filoloxía. A Facultade promove a distribución de material impreso sobre a oferta académica nos centros de ensino secundario de Galicia. A nova edición (a 4ª) do folleto das titulacións de grao impartidas na Facultade

recolle as modificacións realizadas nos plans de estudo.

Participación nas *XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional* organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 01-05/04/2019. Prof^a. Susana Jiménez Placer representou a Facultade de Filoloxía.

Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade en todos os centros de ensino secundario de Galicia. A nova edición (a 4ª) do folleto das titulacións de grao impartidas na Facultade recolle as modificacións realizadas nos plans de estudo.

- Actividades de acollida e orientación a estudantes propios.

Sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso (10/09/2018). Afluencia 300 estudantes aproximadamente.

Sesión de benvida e orientación para estudantes de mestrados (17/9/2018). Afluencia 15 estudantes aproximadamente.

Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (11/09/2018). Afluencia 150 estudantes aproximadamente.

Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes: 3/11/2108: Sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos. Asistiron 98 estudantes.

Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (11/09/2018). Afluencia 40 estudantes aproximadamente.

Actividades de formación: elaboración e defensa dos TFG “Deseña e redacta o teu TFG”, 20 horas online (22/10/2018 e 09/11/2018). “Elabora presentacións eficientes do teu TFG”, 10 horas presenciais (21/11/2018 e 28/11/2018).

Organización da actividade “Longa Noite do TFG” o 25/02/2019 de 19:00 a 01:00 horas, dirixida ao estudiantado de grao que está a elaborar o seu TFG, actividade impulsada pola Prof^a. Sina Menrad coa a colaboración de varios PDI. Varios obradoiros e actividades co moi boa acollida.

- Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos.

Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China (12/09/2018 e 30/01/2019).

Actividade formativa dirixida ao estudantado procedente de universidades chinesas: curso sobre competencias básicas de lingua, historia e cultura (30 horas, dos edicións : outubro-décembro 2018/febreiro-abril 2019), con cargo aos ingresos recibidos pola Facultade de Filoloxía procedentes do PATEX.

- Empregabilidade e orientación profesional.

- Mesa redonda *Possunt, quia posse videntur*, coa participación de catro egresados da Facultade de Filoloxía que desenvolven a súa actividade laboral en diversos ámbitos, distintos da docencia en ensino secundario; 25/04/2019.

- Bolsas e ofertas de emprego na web da Facultade.

- Obradoiro de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (26 horas):

- Taller práctico de técnicas de selección de persoal (setembro/outubro 2018).
- “Prepara un currículum eficaz” (febreiro 2019).
- “Netiqueta, Xestióna a túa marca persoal na rede” (outubro 2018).

- Curso Sociolingüística cuantitativa. Presupostos teóricos e análise de datos no programa Goldvarb (profesora Márluce Coan da Universidade Federal do Ceará. Brasil).

- Curso ao sistema de composición de textos LATEX (febreiro 2019).

- Conferencia SEFORIN do profesor Anton Granvik (U. Gotemburgo, U. Helsinki).

- Conferencia SEFORIN do profesor Daniel Graziadei (Ludwig-Maximilians-Universität München).

- Conferencia SEFORIN da Dra. M^ª del Pilar Rodríguez Suárez (*de*historia - Cultura – Historia - Patrimonio).

- Conferencia SEFORIN da Lic. Mónica Maffía (Membro da Academia de Artes Escénicas de España e do PEN Internacional. Centro Arxentino).

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

A mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos non é competencia directa da Facultade, e depende da Xestión dos recursos humanos. Corresponde á Facultade avaliar a suficiencia e adecuación do persoal PDI/PAS e as condicións en que desenvolve o seu labor. Os datos principais dos recursos humanos da Facultade de Filoloxía no curso 2018-19 non difiren substancialmente do observado na memoria do curso previo.

O mesmo que xa indicamos nos informes de ano anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Con todo un apoio informático suplementario podería ser de gran utilidade. No mes de febreiro produciuse a baixa, por enfermidade do Responsable Administrativo do Departamento de Filoloxía Clásica Francesa e Italiana, durante o período da baixa o posto foi cuberto por un contrato de substitución; no mes de decembro o responsable deste posto xubilouse, como consecuencia desta xubilación, un dos postos administrativos da Unidade destinado na Secretaría do Decanato pasou a ocupar, provisoriamente, o posto de Responsable Administrativo do Departamento de Filoloxía Clásica Francesa e Italiana. No mes de abril produciuse a baixa por enfermidade e, continua na actualidade, do posto da Secretaría do Decanato, este posto está cuberto con un contrato de substitución. Ao igual que en anos anteriores a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico.

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción, hai un descenso na participación, quizais debido ás baixas por enfermidade antes mencionadas no curso 2018/2019. Pero como a evolución da taxa de participación do PAS na enquisa de satisfacción mostra un descenso continuado ao longo dos anos unha acción de mellora (AM 4) consistirá na realización dunha reunión de todo o PAS da Facultade de Filoloxía coa Xestora de Centro para obter información directa do PAS da súa percepción da utilidade das enquisas e para amosarlle a súa importancia.

Respecto aos resultados de anos anteriores e a media global, cabe sinalar un ascenso nos items de "Comunicación" "Espazos e recursos", "Formación" e "Satisfacción". Mantéñense practicamente iguais a anos anteriores os items de "Dirección da Unidade" "posto de traballo". Obsérvase unha pequena baixada no apartado "Implicación na mellora". A evolución da taxa de participación do PAS na enquisa de satisfacción mostra un descenso continuado ao longo dos anos. En canto á participación do PAS en actividades formativas, mantense en todos os apartados, os resultados anuais, obsérvase un aumento na porcentaxe de participación do PAS na realización de cursos de formación. En cambio cabe destacar o feito que a participación dos PDI nos planes de formación baixou considerablemente (10 por cento menos de media) pero o grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas (**Programa de Formación e**

Innovación Docente da USC (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>), foi elevado e non mostrou variacións importantes con respecto ao curso 2017-2018. Desde a Facultade se organizou unha **Sesión informativa** impartida por persoal da empresa Elinfo sobre o funcionamento da nova pantalla intelixente (aula B10) (6/09/2018) que tivo boa acollida.

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Filoloxía conta cun bo nivel de adecuación. Con todo cabe destacar o envellecemento do persoal docente (o cadro de PDI presenta unha elevada idade media, hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos), as dificultades na promoción e o desequilibrio entre as áreas de coñecemento. A continuación algunha información xeral relacionada co PDI.

Os resultados de satisfacción do PDI coa docencia impartida (IN47G/in47M) son bos (Ver táboa 9). O nivel de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C) aumentou lixeiramente (3,87) respecto ao ano anterior (3,69). Dúas accións de mellora do Plan de Melloras 1019-2020 están relacionada cos PAS.: mellorar a comunicación a través da recepción como ponte primeira de solicitude de información (AM 5) e fomentar a participación do PAS na enquisa de satisfacción (a taxa de participación do PAS na enquisa de satisfacción mostra un descenso continuado ao longo dos anos) (AM6 do Plan de Melloras 2019-2020).

Título	2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	4,31
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	4,16
Grao en Lingua e Literatura Galegas	4,18
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	4,14
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	4,16
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	4,17
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	4,38
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	4,41
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	4

Táboa 9 - Satisfacción do profesorado da F. de Filoloxía coa docencia impartida no curso 2018-2019.

Algunha información xeral da Facultade correspondente ao curso 2018-2019 pode ser relevante:

Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total na Facultade: 90,97 (aumentou lixeiramente en relación co ano anterior: 90,41).

Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total:

87,23 (baixou lixeiramente en relación co ano anterior: 89,37).

Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 73,69 (o ano anterior: 76,10).

No que se refere ás proporcións por categorías profesionais, cabe apuntar que dos 153 profesores censados con dedicación a tempo completo (incluíndo os sabáticos), desempeñan a súa función docente e investigadora, por exemplo, con a categoría de catedráticos, un total de 30 persoas, ao lado de outras 72 como titulares. A distribución do conxunto está do seguinte modo en relación ao Departamento en que se integra:

Categoría Profesional	Departamento									
	Eméritos	Catedráticos	Titulares	Contratos doutores	Colaboradores	Lectores	Axudantes doutores	Contratados predoutorais	Contratados posdoutorais	Contratados interinos
Filoxía Clásica, Francesa e Italiana	00	08	17	01	01	03	00	02	00	00
Filoxía Galega	00	06	21	05	00	03	01	04	00	00
Filoxía Inglesa e Alemá	01	06	20	04	00	05	00	10	02	01
Lingua e literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	04	10	14	08	00	00	00	14	02	00

Táboa 10 – Censo profesional do PDI da Facultade de Filoloxía.

Mobilidade do profesorado: Ao longo do curso 2018-2019 tiveron lugar unhas 285 accións de mobilidade do PDI do centro (inferior aos cursos anteriores: 2015-2016: 430; 2016-2017: 426, 2017-2018: 385). Se pode observar que as accións de mobilidade baixan considerablemente. A maior parte se relacionan coa formación e investigación (230 accións relacionadas coa asistencia a Xornadas, Congresos o estadias de investigación). 55 accións están relacionadas coa asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.

O Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título é moi baixo (Grao en Lingua e Literatura inglesas: 2,44%, Grao en Linguas e Literaturas Modernas: 6,38%, Grao en Lingua e Literatura Españolas : 7,41%, Máster Universitario en Lingüística aplicada: 4,55%, Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura: 5,26 %)

Profesores/as e investigadores/as visitantes: durante o curso 2018-2019, a Facultade acolleu a un total de 16 profesores/as investigadores/as visitantes, procedentes de universidades de República Checa, Alemaña, Arxentina, China (...) así como doutras universidades españolas. Estes/as profesores/as desenvolveron actividades de investigación e docencia.

Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade: durante o curso 2018-2019 celebráronse na Facultade un total de 82 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional), seminarios, conferencias, cursos e xornadas (actividades formativas para estudantes de grao e posgrao ou dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación).

Incorporación de persoal investigador en formación: durante o curso 2018-2019 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 6 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego).

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

A Facultade de Filoloxía conta cunhas infraestruturas e uns recursos materiais (aulas, laboratorios, seminarios docentes, salas de lectura, servizos reprográficos) e cuns recursos documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) adecuados en xeral a pesar dalgunhas deficiencias estruturais. As queixas sobre certas deficiencias no edificio (e os accesos ao edificio) e nos equipamentos ligados aos recursos que garanten a accesibilidade e os servizos auxiliados pola internet son obxecto dunha acción de mellora (AM4: mellora na potencia e cobertura Wifi en zonas cegas, mellora na funcionalidade do edificio).

Biblioteca: Os datos correspondentes ao ano 2018 e 2019 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

2018:

Total de títulos de monografías: 163.476.
Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355.
Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656.
Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737.
Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396.
Volumes prestados no centro: 50.692.
Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456.

2019:

Total títulos de monografías: 165.179
Total volumes de monografías en papel: 205.151.
Volumes de monografías en papel ingresados e informatizados durante o ano: 1.816.
Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.640.
Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 180.
Volumes prestados no centro: 49.109.
Volumes prestados na BUSC: 46.033.

Persoal da Biblioteca: incorporación dun axudante de biblioteca (adscriito a distintos centros segundo necesidades).

Campus Virtual: proporcionado polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente. En xeral, este servizo é valorado positivamente.

Melloras no equipamento e infraestruturas.

Durante o curso 2018-2019 As melloras máis significativas do curso (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) obxecto de informe son as seguintes:

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia
- Adquisición de ordenadores para a docencia
- Acondicionamento do Salón de Graos
- Obras de reparación de problemas de filtración de auga
- Substitución parcial das cadeiras dos despachos de PDI
- Acondicionamento do despacho PDI ad honorem na Biblioteca
- Adquisición de estantes (almacéns departamentos)
- Instalación de puntos de acceso adicionais para cobertura wifi
- Colocación de estores nalgúnhas aulas e nos andares dos despachos
- Substitución de varios cristais (biblioteca, corredores, despacho vicedecanato), que sufriran actos vandálicos denunciados na Comisaría de Policía en 2016.

Servizos de orientación e acollida.

Ademais das iniciativas propias da Facultade de Filoloxía xa descritas, cabe destacar o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), a Área de orientación laboral e emprego, o Servizo de axudas e servizos ao alumnado e a Oficina de información universitaria (OIU) (ben valorada en xeral). No relativo aos servizos de xestión académica, a USC conta cun servizo centralizado (servizos dispoñibles telematicamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno, ben valoradas en xeral).

Directriz 6. Información pública.

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na [web da Facultade de Filoloxía](#) e na da USC. Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na nosa páxina. O Centro procura difundir información puntual na pantalla informativa que se ubica á entrada da facultade, e utiliza aínda os clásicos cartaces, para alén dos correos frecuentes á lista de distribución do profesorado e publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

Foran detectadas certas deficiencias na comunicación da información xeral, ao nivel do persoal da recepción. Por iso, propónse unha acción de mellora (AM5): facilitar información actualizada ao persoal de recepción para mellorar a comunicación através da recepción como ponte primeira de solicitude de información que saiba responder e/ou derivar a solicitude do modo máis eficaz (actividade formativa/informativa para o persoal da recepción).

3. Plan de Melloras do Centro.

Procedemos, nun capítulo mais técnico, a referir a Planificación Estratéxica formulada pola Facultade de Filoloxía en termos de Calidade. As propostas, no marco xeral das posibilitadas, amparadas e implementadas no funcionamento regular da USC, obedecen ao noso Plano da Melloras previsto para a anualidade académica 2019-2020, que se tornaría excepcional polas circunstancias epidemiolóxicas que todos e todas coñecemos. Esas mesmas circunstancias, que perturbaran todos os ámbitos das nosas vidas, continúan aínda operando e condicionando o estado e evolución dos obxectivos programados para o curso obxecto de análise. Mesmo así, abordamos a enumeración, aplicación, desenvolvemento e análise das propostas aplicadas ou que se tentaran implementar, así como o seu resultado, no caso.

Plan de Melloras para o curso 2019-2020.

- Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
- Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
- Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.
- Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.
 - [AM-6](#)
- Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
 - [AM-4](#)
- Directriz 6. Información pública.
 - [AM-5](#)

ACCION DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2019-2020).
Orixe	Propostas de Mellora.
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	No período de confinamento quedou patente que unha parte do profesorado/alumnado/PAS non manexan adecuadamente as ferramentas tecnolóxicas necesarias para a docencia universitaria. Necesitamos unha reflexión sobre metodoloxías e instrumentos da docencia presencial e telepresencial, pasando por actividades formativas.
Definición/ descrición proposta	Impulsar o uso das novas tecnoloxías en base a unha reflexión sobre metodoloxías universitarias levada pola CCC, na Facultade de Filoloxía.
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/04/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: na espera de elementos avaliativos.
Responsables	Elías José Feijó Torres
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	constitución dun grupo plural de traballo FiloTICs (PDI/Alumnado/PAS) de tecnoloxías para reforzo do proceso de ensino-aprendizaxe.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Elías José Feijó Torres
Estado	Activa
Sub Tarefa1	AM-2.1.A
Descrición Sub tarefa	Organización de actividades formativas (tecnoloxías para reforzo do proceso de ensino-aprendizaxe)
Data prevista de finalización	31/12/2020
Persoa responsable	Elías José Feijó Torres
Estado	Activa
Sub Tarefa2	AM-2.1.B
Descrición Sub tarefa	Difusión recursos e información pola web

Data prevista de finalización	31/12/2020
Persoa responsable	Elías José Feijó Torres
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2019-2020).
Orixe	Propostas de Mellora.
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	A elaboración dos horarios dos numerosos títulos da Facultade resulta complexa e obxecto de reaxustes que se realizan sen criterios claros. Necesitamos establecer criterios para elaboración dos horarios.
Definición/ descrición proposta	Crear grupo de traballo (PDI, alumnado) para elaborar criterios para os horarios.
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/06/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: na espera de elementos avaliativos.
Responsables	Eduardo Miguel Moscoso Mato.
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	elaborar criterios para horarios.
Data prevista de finalización	31/12/2020.
Responsable	Eduardo Miguel Moscoso Mato.
Estado	Activa.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2019-2020).
Orixe	Propostas de Mellora.
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	queixas sobre certas deficiencias no edificio (e os accesos ao edificio) e nos equipamentos ligados aos recursos que garanten a accesibilidade e os servizos auxiliados pola internet.
Definición/ descrición proposta	Descrición: melloras na infraestrutura, nos servizos.
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/01/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: a comprobación é prematura, na espera de elementos avaliativos.
Responsables	Elías José Feijó Torres
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	mellora na potencia e cobertura Wifi en zonas cegas.
Data prevista de finalización	31/12/2020.
Responsable	Elías José Feijó Torres.
Estado	Activa
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	mellora na funcionalidade do edificio.
Data prevista de finalización	31/12/2020.
Responsable	Elías José Feijó Torres.
Estado	Activa.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2019-2020).
Orixe	Propostas de Mellora.
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública.
Análise causa	foran detectadas certas deficiencias na comunicación da información xeral, ao nivel do persoal da recepción.
Definición/ descrición proposta	facilitar información actualizada ao persoal de recepción. Mellorar a comunicación a través da recepción como ponte primeira de solicitude de información que saiba responder e/ou derivar a solicitude do modo máis eficaz.
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/04/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: aínda non testada.
Responsables	Elías José Feijó Torres
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Actividade formativa/informativa para o persoal da recepción.
Data prevista de finalización	31/12/2020.
Responsable	Elías José Feijó Torres.
Estado	Activa.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2019-2020).
Orixe	Propostas de Mellora.
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.
Análise causa	A evolución da taxa de participación do PAS na enquisa de satisfacción mostra un descenso continuado ao longo dos anos.
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación do PAS na enquisa de satisfacción.
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/09/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: avaliación na espera de prazos.
Responsables	Josefa Vázquez Docampo.
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Realización dunha reunión de todo o PAS da Facultade de Filoloxía coa Xestora de Centro para obter información directa do PAS da súa percepción da utilidade das enquisas e para amosarlle a súa importancia.
Data prevista de finalización	31/12/2020.
Responsable	Josefa Vázquez Docampo.
Estado	Activa.

Seguimento das accións do Plan de Melloras 2018-2019.

- Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.

- [AM-5](#)

- [AM-7](#)

- Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

- Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.

- [AM-1](#)

- [AM-2](#)

- Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

- Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

- [AM-3](#)

- [AM-6](#)

- Directriz 6. Información pública.

- [AM-4](#)

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Tanto o estudiantado de grao coma o de mestrado manifesta con frecuencia a necesidade de dispoñer de formación complementaria para acometer o TFG/TFM. Ademais, as taxas de graduación nos títulos de grao da Facultade son mellorables, especialmente nalgunhas titulacións. Espérase, por tanto, que a mellora na taxa de éxito na materia de TFG/TFM mellore a taxa de graduación.
Definición/ descrición proposta	Realización de actividades formativas para a elaboración e defensa de TFG/TFM.
Datas	Finalización: 25/02/2019; Inicio: 22/10/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 25/02/2019
Responsables	Elisa Fernández Rei
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Realización dun curso para a mellora da redacción e do deseño de traballos académicos.
Data prevista de finalización	09/11/2018
Responsable	Elisa Fernández Rei
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Celebrouse o curso en liña Deseña e redacta o teu TFG, de 20 horas de duración, entre o 22 de outubro e o 9 de novembro de 2018.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Realización dun curso para a mellora das presentacións orais de traballos académicos.
Data prevista de finalización	28/11/2018
Responsable	Elisa Fernández Rei
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Celebrouse o curso <i>Elabora presentacións eficientes do teu TFG</i> , de 10 horas presenciais, entre o 21 e o 28 de novembro en dúas quendas (de 16 a 18 h e de 18:30 a 20:30 h).
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Celebración da <i>Longa (e divertida) Noite do TFG/TFM</i> , consistente na realización de obradoiros formativos (expresión oral, expresión escrita, presentación formal, fontes bibliográficas, recursos informáticos...) e complementarios (teatro, ioga...).
Data prevista de finalización	25/02/2019
Responsable	Elisa Fernández Rei
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A celebración da <i>Longa (e divertida) Noite do TFG/TFM</i> tivo lugar na data prevista. (Arquivo: <i>Obradoiros_Longa_Noite_TFG.pdf</i>)
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

2.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	A Facultade recibe un número moi elevado de estudantes de mobilidade que con frecuencia non dispoñen do nivel lingüístico suficiente para seguir co desexable aproveitamento o desenvolvemento das clases das materias en que se matriculan, así como tamén descoñecen aspectos básicos da literatura e da cultura galegas, españolas e europeas.
Definición/ descrición proposta	Apoio ao estudantado de mobilidade entrante a través de cursos formativos centrados en reforzar a formación cultural e lingüística en español, galego e outras linguas europeas.
Datas	Finalización: 12/04/2019; Inicio: 15/10/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/07/2019
Responsables	María José López Couso
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Curso de formación lingüística e cultural dirixido a estudantes procedentes de universidades chinesas.
Data prevista de finalización	12/04/2019
Responsable	María José Domínguez Vázquez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Celebración do curso de formación dirixido a estudantes chineses: ?Lengua española: iniciación al contexto y competencias activas?, de 30 horas de duración. Tiveron lugar dúas edicións: 1ª edición: de mediados de outubro a mediados de decembro. 2ª edición: 20/02/2019 ? 12/04/2019.
Data Comprobación	25/06/2019

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Elaboración e posta en marcha da oferta dun catálogo de materias específicas para estudantes de intercambio.
Data prevista de finalización	08/04/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaboración dun catálogo de materias específicas para estudantes de intercambio. Aprobado pola Xunta de Facultade (14/02/2019) e, posteriormente, pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno (01/04/2019) e polo Consello de Goberno da USC (08/04/2019). Estas materias xa se incorporaron ao PDA do curso 2019-2020.
Data Comprobación	25/06/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

4.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Os egresados dos títulos da Facultade manifestan un índice de satisfacción baixo coa orientación laboral e profesional recibida.
Definición/ descripción proposta	Realización de actividades para a orientación laboral e profesional do estudiantado da Facultade.
Datas	Finalización: 25/04/2019; Inicio: 17/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 25/04/2019
Responsables	Elisa Fernández Rei
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Realización dun obradoiro de empregabilidade destinado ao estudiantado de grao e mestrado da Facultade, con actividades formativas relativas á elaboración de CV, á preparación de entrevistas de traballo e á mellora da imaxe profesional nas redes sociais.
Data prevista de finalización	28/02/2019
Responsable	Elisa Fernández Rei
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Celebración do Obradoiro de empregabilidade (recoñecemento de 1 crédito ECTS para os estudantes de grao que realicen o obradoiro completo, 26 horas):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Taller práctico de técnicas de selección de persoal (setembro-outubro 2018, 10 horas). 2. ¿Prepara un currículum eficaz?. (febreiro 2019, 4 horas presenciais+2 non presenciais).

	3. ?NETiqueta. Xestiona a túa marca persoal na rede? (outubro de 2018, 8 horas presenciais máis 2 non presenciais).
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-3.2
Descrición tarefa	Celebración dunha mesa redonda sobre empregabilidade: Possunt, quia posse videntur, coa participación de catro egresados da Facultade que desenvolven a súa actividade laboral en distintos ámbitos profesionais.
Data prevista de finalización	25/04/2019
Responsable	Elisa Fernández Rei
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Celebración da Mesa redonda sobre empregabilidade: Possunt, quia posse videntur, coa participación de catro egresados da Facultade de Filoloxía que desenvolven a súa actividade laboral en distintos ámbitos, distintos da docencia en ensino secundario (25/04/2019).
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

6.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	Detectouse unha relación entre a alta taxa de abandono en primeiro curso e a falta de motivación do alumnado (estudantes que acceden aos graos da Facultade como segunda ou terceira opción, baixa nota media e de corte...). Considérase que a mellora na captación de estudantes pode contribuír a mellorar esta taxa de abandono, en primeira instancia, e a aumentar a taxa de graduación, en última instancia.
Definición/ descrición proposta	Actividades de promoción e orientación ao alumnado potencial.
Datas	Finalización: 30/09/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 30/09/2019
Responsables	María José López Couso
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Elaboración de vídeos para promocionar a oferta de títulos de grao da Facultade e para informar sobre a posibilidade de obtención dunha segunda titulación.
Data prevista de finalización	30/09/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaboráronse dous vídeos de promoción da Facultade: un en que se fai unha presentación da oferta de graos e outro que mostra a estrutura modular das titulacións, así como a posibilidade de realizar un segundo título en aproximadamente un curso ou curso e medio máis. Esta acción tivo un custo de 2163,20€ e foi financiada con cargo á contía

	destinada a accións de mellora no orzamento de 2019.
Data Comprobación	13/01/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Promoción da oferta de títulos de grao en diversas sedes nas que se celebran as probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU), a través da distribución de folletos informativos e material promocional da Facultade (lapis, libretas e bolsas).
Data prevista de finalización	14/06/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-4.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A actividade de promoción tivo lugar entre os días 13 e 14 de xuño nas cinco sedes das probas ABAU en Santiago de Compostela (facultades de Dereito, Ciencias Políticas, Ciencias Económicas e Empresariais, Medicina e Matemáticas). Repartiuse o material previsto entre o estudiantado que acudía ás probas. O deseño e elaboración do material para levar a cabo esta acción tivo un custo de 2825,51? e foi financiado con cargo á contía destinada a accións de mellora no orzamento de 2019.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-4.3
Descrición tarefa	Nova edición (revisada) dos folletos das titulacións de grao.
Data prevista de finalización	24/06/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-4.3. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	A nova edición dos folletos atópase no Decanato e xa foi utilizada para distribución en centros de secundaria, así como na actividade de promoción nas probas ABAU (vid. AM-4.2).
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	O elevado número de titulacións de grao e mestrado da Facultade, así como a complexidade da súa estrutura complican notablemente a xestión da calidade e producen un elevado número de tarefas difíciles de acometer por unha única responsable de calidade.
Definición/ descrición proposta	Nomeamento da Coordinadora de Calidade do Centro, figura contemplada no Sistema de Garantía de Calidade da USC.
Datas	Finalización: 20/09/2018; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 20/09/2018
Responsables	María José López Couso
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Belén López Meirama foi nomeada Coordinadora de Calidade do Centro.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O estudiantado egresado manifesta unha baixa satisfacción coas infraestruturas e recursos materiais.
Definición/ descrición proposta	Mellora das infraestruturas e recursos docentes dispoñibles.
Datas	Finalización: 05/09/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 05/09/2019
Responsables	María José López Couso
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Substitución de 14 canóns e de 4 pantallas de proxección nas aulas e seminarios de docencia.
Data prevista de finalización	31/01/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Os canóns e as pantallas atópanse instalados e funcionando nas aulas e seminarios de docencia correspondentes.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa2	AM-6.2

Descrición tarefa	Instalación de estores nas aulas para mellorar a visibilidade nas pantallas de proxección.
Data prevista de finalización	28/02/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-6.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Instalación de estores en todas as aulas do andar D.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-6.3
Descrición tarefa	Acondicionamento dunha nova aula de docencia.
Data prevista de finalización	05/09/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-6.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Acondicionouse o espazo B05 con todo o equipamento necesario (cadeiras, mesas, equipamento informático e proxector) para transformalo nunha aula de docencia.
Data Comprobación	13/01/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa4	AM-6.4
Descrición tarefa	Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca.
Data prevista de finalización	31/05/2019
Responsable	María José López Couso
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	AM-6.4. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na Comisión Económica do 13/03/2019 acordouse a transferencia de 12.000 euros do orzamento da Facultade á Biblioteca do Centro para a compra de fondos bibliográficos. Esta transferencia aprobouse posteriormente na Xunta de Facultade do 15/03/2019.</p> <p>Desa cantidade total de 12.000 euros, financiáronse 1.738,53 euros con cargo á contía destinada a accións de mellora no orzamento de 2019.</p>
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

10.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-7 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	No proceso de renovación da acreditación dos cinco títulos de grao e de dous mestrados (MELC e iMAES) da Facultade, a subcomisión avaliadora sinalou nos seus informes a conveniencia de garantir a representatividade de todos os colectivos implicados no desenvolvemento dos títulos e recomendou a creación dun Comité Consultivo Externo como mecanismo para dar voz a todos os grupos de interese e estreitar lazos cos sectores profesionais.
Definición/ descrición proposta	Creación dun Comité Consultivo da Facultade.
Datas	Finalización: 26/06/2019; Inicio: 14/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/06/2019
Responsables	María José López Couso
Comprobación Acción	AM-7
Descrición Comprobación	Aprobación do Comité Consultivo da Facultade de Filoloxía na Comisión de Calidade do Centro e na Xunta de Facultade do 26/06/2019.
Data Comprobación	01/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

4. Modificacións nos diferentes títulos.

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<i>Mestrado interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións.</i>	Cambio de denominación dos itinerarios, coa conversión destes en especialidades e aplíicando a transferencia de dúas materias do módulo obrigatorio aos itinerarios de especialización.	A oferta de módulos, materias e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación, aínda que, recollendo suxestións feitas durante o proceso de renovación da acreditación (curso 2016/2017), en concreto a través do informe oral da Comisión de Avaliación Externa (31/03/2017), realizáronse todas as xestións para proceder a unha modificación do título que consistiu no cambio de denominación dos itinerarios, a conversión destes en especialidades e a transferencia de dúas materias do módulo obrigatorio aos itinerarios de especialización. Esta modificación está nestes momentos vixente xa (véxase páxina web do título e os dous informes anteriores).

5. Listaxe de evidencias e indicadores.

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web propia
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5_Filoloxía_Actas Comisión Calidade 2017-2018 E5_Filoloxía_Actas Comisión Calidade 2018-2019 E5_Filoloxía_Acta Comisión de Docencia e Asuntos Académicos 2019 E5_Filoloxía_ACTAS COMISIONS TITULACIÓN E5_Filoloxía-Actas CTG E5_Filoloxía_ACTAS COMISIONS TITULACIÓN 2017-2018
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6_datos recoñecementos_2018-2019
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2018-2019
			INF.16_2018-2019 (información por título)
			INF.CiUG_2018-2019 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2018-2019 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en	Panel de indicadores_2018-2019

		programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	INF.03_2018-2019 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC Web propia
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web propia
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web propia
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web propia
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2018-2019 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...) I4_Filoloxía_enquisa tfg I4_Filoloxía_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2018-2019
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2018-2019
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2018-2019 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2018-2019
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da	I6-I7_2018-2019 (información agrupada por centro)

		universidade e en actividades formativas específicas	
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2018-2019 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución...)	INF.13_2018-2019 (información por título) INF.14_2018-2019 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non disponible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2018-2019 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web propia
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web propia
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Web propia E20_Filoloxía_datos prácticas externas
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Web propia
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Web propia E24_FiloloxíaTFM-TFG
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2018-2019 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro) INF.17_2018-2019 (información por título) INF.18_2018-2019 (información por título) INF.19_2018-2019 (información por título)

		- Taxa de avaliación	SIIU_2018-2019 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro) INF.CiUG_2018-2019 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2018-2019 (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro)

6. Anexo: Informes de seguimento

[Autoinforme de seguimento](#) do grao en Filoloxía Clásica

[Autoinforme de seguimento](#) do grao en Lingua e Literatura Españolas

[Autoinforme de seguimento](#) do grao en Lingua e Literatura Galegas

[Autoinforme de seguimento](#) do grao en Lingua e Literatura Inglesas

[Autoinforme de seguimento](#) do grao en Linguas e Literaturas Modernas

[Autoinforme de seguimento](#) do mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

[Autoinforme de seguimento](#) do mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura

[Autoinforme de seguimento](#) do mestrado en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, textos e Contextos